

EXPEDIENTE: 2024/E001/000004

ASUNTO: CONVOCATORIA DE SELECCIÓN DE PERSOAL PARA FORMACIÓN DE BOLSA DE TÉCNICOS/AS DE APOIO DO PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO.

TRÁMITE: ACTA 2 DE VALORACIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR NO PROCESO SELECTIVO PARA A FORMACIÓN DE BOLSA DE TÉCNICOS/AS DE APOIO DO PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO

Na Casa do Concello de Dodro, sendo ás 13:30 horas do día 03/07/2024, reúnese o Tribunal Cualificador encargado do proceso selectivo para a selección mediante concurso-oposición, de 1 técnico/a de apoio a Programas Integrados de Emprego do Concello de Dodro e formación dunha bolsa de emprego segundo as bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do día 8 de maio de 2024.

O anuncio e bases da convocatoria foi publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña o 14 de maio de 2024 (BOP núm. 93) e publicado no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro.

Están presentes os seguintes membros do tribunal:

Presidenta:

María Elisabet Domínguez Rodríguez, persoal laboral fixo do Concello de Dodro.

Vogais:

Inmaculada Seage Freire, persoal laboral fixo do Concello de Rois.

Secretaria:

Sandra María García Chenlo, secretaria-interventora do Concello de Dodro.

Escusan a súa ausencia as seguintes membros do tribunal:

María Fernanda Montero Parapar, secretaria-interventora do Concello de Catoira.
Rosario Ríos Rey, persoal laboral fixo do Concello de Rois.

A presidente declara constituído o Tribunal Cualificador.

O Tribunal Cualificador procede a elaborar o exame que consiste en formular 10 preguntas cortas en relación a un suposto práctico sobre o temario indicado no Anexo III

Sendo ás 14:00 horas o Tribunal Cualificador procede, no Salón de Plenos do Concello de Dodro, ao chamamento por orde alfabética das persoas aspirantes que superaron a primeira proba da fase de oposición:

Apelidos e nome	1º exercicio da fase de oposición
Rodríguez Blanco, Olalla	15.99
Ruso Somoza, Patricia	12.66

Repártense as copias dos exames e danse as instrucións para a súa realización.

A duración da proba é de corenta e cinco (45) minutos.

A proba comeza ás 14:05 transcorre sin incidencias.

Rematada a proba ás 14:45, comeza a corrección do exercicio, empezando coa apertura

dos sobres que conteñen os exames para a súa corrección.

Finalizada a corrección dos exames procédese a apertura dos sobres que conteñen a identificación dos aspirantes. O tribunal por unanimidade dos seus membros outorga as seguintes puntuacións:

Apelidos e nome	2º exercicio da fase de oposición
Rodríguez Blanco, Olalla	9.00
Ruso Somoza, Patricia	5.10

Considerando que, segundo a base sexta das que regulan o proceso selectivo, para superar o segundo exercicio da fase de oposición é preciso acadar un **mínimo de 5 puntos**, polo que, superarán esta segunda proba da fase de oposición, os/as aspirantes/as que teñan unha puntuación igual ou superior a 5.

Non é preciso realizar a terceira proba da fase de oposición xa que os os/as aspirantes/as acreditaron o coñecemento da lingua galega mediante o certificado Celga 4 ou equivalente.

A continuación o Tribunal Cualificador procede a examinar os méritos debidamente acreditados polos/as aspirantes segundo o establecido na base sexta:

“Fase concurso: (Puntuación máxima 20 puntos)

Méritos por experiencia profesional nos últimos dez anos.

1) Por servizos prestados como técnico/a Grupo I/A1 en Programas Integrados de Emprego, en calquera Administración Pública: 0,20 puntos por cada mes de servizos.

Acreditarase presentando certificado de servizos prestados da administración correspondente como técnico/a Grupo I/A1 en Programas Integrados de Emprego e máis vida laboral completa.

2) Por servizos prestados como técnico/a Grupo I en Programas Integrados de Emprego no sector privado e/ou terceiro sector: 0,10 puntos por cada mes de servizos. Acreditarase con informe de vida laboral completo e certificado de empresa ou contrato no que conste a contratación como técnico/a Grupo I en Programas Integrados de Emprego.

A suma da puntuación destes dous apartados non poderá exceder de 20 puntos.

Os servizos a tempo parcial serán valorados proporcionalmente.”

Unicamente se valorarán os méritos das persoas que superaran a fase de oposición, resultando o seguinte:

Apelidos e nome	1º exercicio da fase de oposición	2º exercicio da fase de oposición	Total fase de oposición
Rodríguez Blanco, Olalla	15.99	9.00	24.99

Ruso Somoza, Patricia	12.66	5.10	17.76
-----------------------	-------	------	-------

Examinados os méritos, as puntuacións obtidas na fase de concurso son:

Apelidos e nome	Fase de concurso
Rodríguez Blanco, Olalla	7,20
Ruso Somoza, Patricia	-

Sendo o resultado final, a suma das puntuacións obtidas na fase de concurso e na fase de oposición, que se reflicte na seguinte táboa:

Apelidos e nome	Total fase de oposición	Total fase de concurso	Puntuación total
Rodríguez Blanco, Olalla	24.99	7,20	32.19
Ruso Somoza, Patricia	17.76	-	17.76

Visto o anterior o Tribunal Cualificador acorda:

1º- Que se publique a puntuación obtida polas aspirantes no segundo exercicio da fase de oposición e o resultado obtido na fase de concurso de méritos, no taboleiro da sede electrónica do concello (www.sede.dodro.gal), concedéndose un prazo de dous (2) días hábiles para presentación de alegacións.

2º. Propoñer ao órgano competente a formación da bolsa de emprego para a posto de técnico/a de apoio a Programas Integrados de Emprego do Concello de Dodro, integrada pola seguinte lista de persoas aprobadas, por orde decrecente de puntuación.

1. Olalla Rodríguez Blanco ***738***
2. Patricia Ruso Somoza ***690***

3º. De conformidade co disposto nas bases que rexen o presente procedemento de selección, e á vista das puntuacións obtidas, propoñer ao órgano competente, a contratación/nomeamento como técnica de apoio a Programas Integrados de Emprego do Concello de Dodro a dona Olalla Rodríguez Blanco con DNI ***738***.

Sendo ás 15:15 horas dáse por rematado o acto, estendéndose esta acta que asinan dixitalmente todos os membros do Tribunal, do que dou fe.

Documento asinado electronicamente
A Presidenta, *María Elisabet Domínguez Rodríguez*
A Vogal, *Inmaculada Seage Freire*
A Secretaria, *Sandra María García Chenlo*